

Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000005

ACTA Nº 2022/5

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO, MÉRCORES 31 DE AGOSTO DE 2022 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, co obxecto de realizar en primeira convocatoria, sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

Preside: Benigno Galego Castro

Asisten: Cándido Eusebio Preto Lago, Marina Tojeiro Martínez, Cristian Carrodegua Graña, María-Amalia Díaz Rodríguez, Alberto Javier Rey Paz, David Prada Aneiros e Patricia Santalla Pérez

Ausencias: Rocío Martínez Martínez


Secretaria-interventora: Paula Díaz Tie

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión do Pleno de Cerdido reunido o día 30.06.2022. Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a acta anterior.

2. Festivos locais 2023. Leída a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Dada a posibilidade de establecer dous días de cada ano natural como festas locais, segundo establece o artigo 37.2 do Estatuto dos Traballadores e dado o requirimento de información recibido por parte da Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade. Esta Alcaldía propón ó pleno a aprobación da seguinte proposta: Primeiro - Establecer como festivos locais para o ano 2023, os días que determine os membros do pleno. Segundo- Remitirlle copia deste acordo a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Traballo e Benestar Cerdido,. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a proposta anterior e sinalan como festivos locais o día martes de entroido (21 de febreiro) e o día 3 de xullo de 2023.**



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000005

O **alcalde** propón como festivos locais o martes de entroido e o día 3 de xullo de 2023, xa que lle toca a parroquia de Cerdido o festivo local para o ano 2023

3. Proposta Alcaldía para Comisión Especial de Contas para Conta Xeral 2021. Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Proposta da Alcaldía . Antecedentes administrativos e lexislación aplicable: Tramitado o expediente administrativo número Tedec: 2022/T017/000001 de aprobación da Conta Xeral do ano 2021 no que consta a documentación para a rendición da Conta Xeral deste Concello correspondente ao exercicio de 2021 e informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas do día 20/07/2022 e unha vez rematado o período de exposición ao público, publicado no BOP do día 01/08/2022 e de acordo co artigo 212.3 do devandito Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais Esta a Alcaldía propón ao Pleno do Concello Primeiro.- Aprobar a conta xeral do exercicio de 2021 que reflexa a situación financeira, económica e patrimonial, así como os resultados económicos da execución e liquidación do presuposto municipal . Segundo.- Remitir ao Consello de Contas a documentación requirida para a súa rendición. **Os membros do pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, aprobaron a proposta anterior.**


4.- Ratificación decreto da Alcaldía Decreto 175/2022 do día 26 de xullo de 2022, solicitando subvención para financiar o custo de execución de proxectos para a rehabilitación de infraestruturas públicas e bens de titularidade pública, co fin de reforzar o compoñente ambiental, social e dixital dos mesmos, conforme a Orde TED/1476/2021, do 27 de decembro.

Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Antecedentes administrativos

Tramitada a subvención número Tedec 2022/A008/000008, no consta a seguinte documentación :

- Declaración de dobre financiamento
- Declaración responsable del cumprimento do principio de non causar un dano significativo ao medioambiente (principio DNSH)
- Anexo IV Declaración Responsable
- Anexo VI, autorización expresa a autoridades del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia
- Decreto 175/2022 fechado el 26 de xullo de 2022 polo que se solicitaba a axuda .Expediente Tedec 2022/G003/000185

E atendo o disposto na Orde TED/1476/2021, do 27 de decembro. Primeiro.- Solicitar a axuda, en réxime de concorrencia competitiva, dirixida a financiar o custo de execución de proxectos para a



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000005

rehabilitación de infraestruturas públicas e bens de titularidade pública, co fin de reforzar o compoñente ambiental, social e dixital dos mesmos, conforme a Orde TED/1476/2021, do 27 de decembro. Proxecto solicitado: Adecuación do edificio da Casa da Cultura do Concello de Cerdido

Datos económicos :


Terreos:	0,00 €
Obra civil:	426,153,00 €
Bens de equipo:	
Traballos de planificación, inxenería de proxectos e dirección facultativa de los traballos:	35.090,00 €
Outras investimentos materiais:	0,00 €
Investigación y desenvolvemento y outros activos intanxibles:	0,00 €
Total do investimento prevista:	461.243,00 €

Segundo.- Establecer o compromiso á participación e aceptación expresa do procedemento regulado pola Orde TED/1476/2021, do 27 de decembro, pola que se regulan as bases para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a proxectos de infraestruturas ambientais, sociais e dixitais en municipios de zonas afectadas pola transición enerxética no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e procédese á convocatoria das mesmas. Terceiro.- Establecer o compromiso expreso e firme do Concello de Cerdido no impulso da posterior execución do proxecto, en caso de resultar beneficiario, para a recuperación da economía tras a pandemia provocada pola Covid 19, paliar os impactos que a transición enerxética poida ter sobre o municipio afectado polos peches e sobre a poboación de leste e impulsar a transformación da zonas para que a entidade local sexa modelo e protagonista da transición enerxética, orientando os servizos públicos municipais cara á innovación, o apoio ao emprendemento e a retención de poboación, a dixitalización e o medio ambiente, ao amparo da Orde TED/1476/2021, do 27 de decembro. Os **membros do pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, aprobaron a proposta anterior.**

O Alcalde explica que a subvención é para os concellos que están dentro do Convenio de transición xusta e irá adicada a adecuar a casa da cultura, anuncia que se vai a eliminar as barreiras arquitectónicas, cambiar cubertas, adaptar a sala grande para casa do maior, reformas os servizos, creación de locais coworking e unha sala con ordenadores e internet. A subvención é do 100%

O concelleiro Alberto Rey Paz considera que o importe é elevado para unha rehabilitación

A concelleira Amalia Diaz Rodriguez advirte dun erro na redacción da proposta, debendo poñer, no que consta a documentación en lugar de non consta documentación .



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es


exp. 2022/G010/000005

5.-Suplemento de crédito 02/2022. Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Visto que no expediente da liquidación do orzamento de 2021, aprobado mediante resolución da Alcaldía nº 60/2022, do 31 de marzo de 2022, resultou unha cantidade de remanente de tesourería para gastos xerais por un total de 509.067,11euros. Visto que no pleno de 29 de abril de 2022 aprobose inicialmente o expediente de modificación orzamentaria na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de créditos 01/2022, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais procedentes da liquidación do orzamento 2021 por importe total de 401.509,44 €. Visto que no pleno de 30 de xuño de 2022 aprobose inicialmente o expediente de modificación orzamentaria na modalidade de crédito extraordinario 02/2022, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais procedentes da liquidación do orzamento 2021 por importe total de 18.500,00 €. Partindo das seguinte premisas aplicables a este Concello:

- suspensión das regras fiscais,
- inexistencia de débeda comercial e financeira a 31 de decembro
- situación de déficit orzamentario en termos de contabilidade nacional.

Considerando que a normativa de aplicación a ter en conta en canto ao destino dos gastos a financiar co remanente de tesourería para gastos xerais contense nas normas previstas nos artigos 172 a 182 do TRLRFL e a súa normativa de desenvolvemento nos arts. 34 a 51 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos. Visto que os gastos propostos para os cales se propón a modificación, que non poden demorarse ata o exercicio seguinte e para os que non existe crédito no Orzamento (créditos extraordinarios) son os que se sinalan deseguido:

PARTIDA		DENOMINACIÓN	IMPORTE (en €)	TIPO	DESCRICIÓN
341	48000	Deportes. Subvencións a familias e institucións sen fins de lucro.	4.200,00 €	SC	Subvencións nominativa para actividades deportivas: Incremento de 200,00€ a UD Cebarca e nova dotación a favor do beneficiario Escola de Fútbol Irmandiños (importe 2.500,00€) e do beneficiario Sociedade de caza Eixil (1.500,00€)



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000005


433	76200	Subvencións e transferencias de capital a Concellos.	5.500,00 €	SC	Convenio con Moeche Centro A Fusquenlla
TOTAL			9.700,00 €		

Visto que o presente expediente de suplemento de crédito finánciase mediante o Remanente Líquido de Tesouraría para gastos xerais derivado da Liquidación do Orzamento de 2021 por importe total de 9.700,00 €. Visto o informe de Intervención. Sobre a base de todo o exposto, propónse ao Pleno da Corporación, en virtude do disposto nas Bases de Execución do Orzamento, a adopción do seguinte acordo: **PRIMEIRO**. Aprobar provisionalmente o expediente de modificación orzamentaria, segundo o seguinte desglose: **Modificacións no estado de gastos**

PARTIDA		DENOMINACIÓN	IMPORTE (en €)	TIPO	DESCRICIÓN
341	48000	Deportes. Subvencións a familias e institucións sen fins de lucro.	4.200,00 €	SC	Subvencións nominativa para actividades deportivas: Incremento de 200,00€ a UD Cebarca e nova dotación a favor do beneficiario Escola de Fútbol Irmandiños (importe 2.500,00€) e do beneficiario Sociedade de caza Eixil (1.500,00€)
433	76200	Subvencións e transferencias de capital a Concellos.	5.500,00 €	SC	Convenio con Moeche Centro A Fusquenlla
TOTAL			9.700,00 €		

Modificacións no estado de ingresos

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE (en €)
----------	--------------	----------------



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000005

870,00	Remanente para financiamento de gastos xerais	9700,00€
--------	---	----------

SEGUNDO. Que se expoña ao público polo prazo de 15 días hábiles, a efectos de reclamacións, de acordo co preceptuado no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. **TERCEIRO.** Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobada a modificación, en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas. Os **membros do pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, aprobaron a proposta anterior .**

O Alcalde explica que o expediente, e para dotar crédito para unha sociedade nova, sociedade de caza Eixil, que solicitou colaboración para realizar un proxecto para dotarse de cámaras frigoríficas para os animais mortos, ademais incrementar a 2000 € a subvención o C.F. Irmandiños e a achega para o convenio con Moeche para o centro de transformación agrarias .


O concelleiro Alberto Rey Paz pregunta si estas modificacións hai que facelas porque non están aprobados os presupostos . O Alcalde responde que si estiveran no presuposto non habería que modificalos e anuncia que posteriormente debese modificar as Bases de execución do presuposto .

A concelleira Amalia Diaz Rodriguez pregunta en que vai a beneficiar a Cerdido esta colaboración con Moeche dado que non hai produtores agrícolas

O alcalde explica que nestes centro danse cursos de formación para a transformación de produtos agrícolas e que a xente de Cerdido poderá ir es este centro, ata agora apuntáronse pouca xente de Cerdido pero unha vez que se coñeza haberá mais interesado en ir, o centro está pensado para pequenos produtores agrícolas .

6.- Dar conta dos Decretos da Alcaldía

Data Sinatura	Nº Decreto	Asunto
2022-06-28	150/2022	Xeración créditos convenio incendios
2022-06-29	151/2022	Aprobación de nóminas, quilometraxe e facturas do mes de xuño e Seguridade Social de maio de 2022
2022-06-29	152/2022	Solicitud de POS+ 2022 Plan de Obras e Servizos (Plan único de concellos). Anualidade 2022.
2022-06-30	154/2022	Bolsa para a selección persoal laboral temporal de auxiliar de




Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000005

		axuda no fogar . Publicación das bases no BOP 27/03/2018 Contrato M ^a Consuelo Freire Bello do 01/07/2022 ao 02/08/2022
2022-06-30	153/2022	Bolsa para a selección persoal laboral temporal de auxiliar de axuda no fogar . Publicación das bases no BOP 27/03/2018 Contrato Carmen Díaz Segura do 30/06/2022 ao 06/07/2022
2022-07-01	155/2022	Aprobación da nómina de Carmen Díaz Segura, persoal do SAF en substitución de M ^a Paz Durán Piñón
2022-07-01	156/2022	Festas de San Martín 2022 na parroquia de Cerdido
2022-07-01	157/2022	Aprobación pago IRPF (mod. 111) e IVA (mod. 303) do 2 ^o Trimestre de 2022
2022-07-05	158/2022	Convocatoria Peones Pel 2022
2022-07-07	164/2022	Contrato menor para a instalación dunha redutora na rede de auga municipal, por avaría da anterior
2022-07-07	163/2022	Contratación do espectáculo "Maxia en Familia" do Mago Romarís da Rede Cultural 2022
2022-07-07	162/2022	Contratación do espectáculo "A eira do paporrubio" de Urdime da Rede Cultural 2022
2022-07-07	161/2022	Contratación do espectáculo "As Pitas baixo a choiva" de Urdime da Rede Cultural 2022
2022-07-07	160/2022	Contratación rexeneración campo de fútbol
2022-07-07	159/2022	Contratación para a xestión da comunicación a través de redes sociais do concello
2022-07-07	165/2022	Contratación do espectáculo "Cantabaila" de La Guagua da Rede Cultural 2022
2022-07-07	166/2022	Alta no padrón municipal de habitantes en Soosloureiros, 8, A Barqueira
2022-07-07	167/2022	Solicitude General a nome de ANPA OS CARRIS. Solicita: Solicita o pavillón municipal para o día 23 de xullo do 2022, de 15 horas a 17 horas para facer Asamblea xeral do ampa os carris.
2022-07-07	168/2022	AGADER 2022 Camiño Cruz dos Novás á Pena (Cerdido) e outros
2022-07-09	169/2022	Contrato menor para o desbroce de pistas municipais. Convenio coa Consellería de Medio Rural para accións de prevención de incendios forestais
2022-07-11	170/2022	Prórroga do contrato de substitución dunha auxiliar de axuda a domicilio por vacacións
2022-07-12	171/2022	Xeración de créditos 06/2022 AGADER 2022-23
2022-07-13	172/2022	Relación de recibos correspondentes ó mes de xuño do 2022 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar




Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000005

2022-07-15	173/2022	Comisión especial de contas
2022-07-22	174/2022	Horas persoal Conveniado co Concello de Valdoviño
2022-07-26	175/2022	Subvención Transición Ecolóxica
2022-07-29	180/2022	Aprobación de nóminas, quilometraxe e facturas do mes de xullo de 2022 e seguridade social de xuño de 2022
2022-07-28	176/2022	Certificado de representante
2022-07-28	177/2022	Alta no padrón municipal de habitantes en Campo da Igrexa, 17, Os Casás
2022-07-28	178/2022	Alta no padrón municipal de habitantes en Carballal, 3, Cerdido
2022-07-28	179/2022	Bolsa para a selección persoal laboral temporal de auxiliar de axuda no fogar . Publicación das bases no BOP 27/03/2018
2022-07-28	179/2022	Bolsa para a selección persoal laboral temporal de auxiliar de axuda no fogar . Publicación das bases no BOP 27/03/2018
2022-07-29	181/2022	Axuda de Emerxencia Social Municipal
2022-08-01	182/2022	Bolsa para a selección persoal laboral temporal de auxiliar de axuda no fogar . Publicación das bases no BOP 27/03/2018
2022-08-04	183/2022	Modificación presupuestaria modalidade xeración de créditos por subvención PEL 2022. Contratación de 3 peóns
2022-08-04	184/2022	Modificación presupuestaria. Transferencia de crédito pago convenio Valdoviño
2022-08-04	185/2022	Alta no padrón municipal de habitantes en Río, 5, Cerdido
2022-08-05	187/2022	Solicitude de participación no programa de alugueiro de vivendas municipais
2022-08-05	186/2022	Contrato Xoan Curiel actuación "Canta miña pedra, canta" da Rede Cultural da Deputación da Coruña
2022-08-11	188/2022	Contratación de persoal laboral temporal, auxiliar de axuda no fogar Publicación das bases no BOP 27/03/2018
2022-08-11	189/2022	Retribución Tribunal PEL 2022
2022-08-12	190/2022	Relación de recibos correspondentes ó mes de xullo do 2022 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
2022-08-16	191/2022	Bolsa para a selección persoal laboral temporal de auxiliar de axuda no fogar . Publicación das bases no BOP 27/03/2018
2022-08-23	192/2022	Modificación de la composición da mesa de contratación cando o órgano de contratación es la Alcaldía

O concelleiro Alberto Rey Paz solicita información sobre os seguintes decretos:



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000005

Núm. 159 sobre que empresa se contratou a xestión das redes sociais do concello .O alcalde explica que é a empresa é Ártabra comunicacións por un importe de o redor de 4000 euros e para os meses de xullo a decembro .O concelleiro Cándido Prieto Lago intervén para explicar que levan tamén o grupo de WhatsApp para información municipal que é un xeito mas accesible para a xente que a plataforma de Cerdido informa .A concelleira Amalia Diaz Rodriguez pregunta si substituye a Cerdido informa e como hai que darse de alta no servizo o que lle contesta Candido Prieto Lago que solicitando no concello .

Núm.187 sobre a solicitude de bolsa de alugueiro municipal, o alcalde informa que se trata de solicitar o alugueiro dunha vivenda municipal que quedou baleira .

Núm. 192 sobre a modificación da mesa de contratación, o alcalde contesta que se trata de substituír o secretario -interventor accidental pola titular .

A concelleira Amalia Diaz Rodriguez solicita información sobre os seguintes decretos:

Núm. 150 sobre a xeración de créditos polo convenio de incendios, o alcalde explica que supón incorporar o ingreso da subvención de incendios ao presuposto

MOCIÓNS DE URXENCIA


7.- O alcalde toma a palabra para incorpora fora da orde do dia e por urxencia a seguinte **proposta de adxudicación da obra do IDAE**, xustificando a urxencia porque non se concedeu a segunda prorroga da subvención e é preciso realizar o contrato antes que pechen a plataforma de envío de documentación. Os membros do pleno en votación ordinaria e por maioría dos presentes aprobaron a proposta anterior. 6 votos a favor dos concelleiros Cándido Eusebio Preto Lago, Marina Tojeiro Martinez, Cristian Carrodegas Graña, David Prada Aneiros e Patricia Santalla Pérez e o voto do Sr. Alcalde e 2 votos en contra dos concelleiros Maria-Amalia Diaz Rodríguez, Alberto Javier Rey Paz.

O alcalde anuncia que o expediente ten un informe de fiscalización con reparo suspensivo que procede a ler a secretaria -interventora e que se copia deseguido : **Expediente núm.:2022/C005/000003**

Informe de reparo suspensivo: 2/2022

Procedemento:

- Contratacións
- Contrato de subministro :IDAE: Renovación total das instalacións de alumeado exterior municipal de Cerdido



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000005

Órgano resolutorio:	Pleno
Orzamento base de licitación (art.100 LCSP):	587.823,34 €
Valor estimado do contrato (art.101 LCSP) (sen iva)	485.804,41 €
Aplicación orzamentaria:	165.619.00
Código proxecto (en gastos con financiación afectada):	2021.2.17.17
Importe de la subvención aprobada para financiar a obra polo IDAE .FEDER-EELL 2020-004301	484.800,53 €

ANTECEDENTES

Expediente de contratación 2022/005/000003.IDAE: Renovación total das instalacións de alumado exterior municipal de Cerdido.

Expediente 2020/A008/000011 - Tramitación de Subvenciones - Solicitud de subvención para proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014- 2020.

Comunicación a través dun correo electrónico por parte da Alcaldía el día 29.08.2022, sobre a intención de incluír por urxencia a adxudicación do contrato . Documentación que figura como anexo de este informe.

NORMATIVA E LEXISLACIÓN APLICABLE


A normativa en virtude da cal se emite este informe de reparo suspensivo é a que segue:

- Artigo 4.1 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.
- Artigos 173,6 213 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei das facendas locais.(TRLRHL)
- Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control de interno nas entidades locais do sector público local.
- Real Decreto 616/2017 de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (RD 616/2017)

Esta secretaria -intervención formula o presente REPARO SUSPENSIVO fundamentado nos seguintes puntos :

Primeiro : O motivo principal é a vulneración do disposto no articulo 173.6 do TRLRHL onde se establece que a dispoñibilidade dos créditos orzamentarios esta condicionada, en todo caso a :

a) A existencia de documentos fidedignos que acrediten compromisos firmes de



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000005

achega, en caso de axudas, subvencións, doazóns ou outras formas de cesión de recursos por terceiros tidos en conta nas previsións iniciais do orzamento a efecto da súa nivelación e ata o importe previsto nos estados de ingresos en orde á afectación dos devanditos recursos na forma prevista pola lei ou, no seu caso, ás finalidades específicas das achegas para realizar.

Non existe no expediente administrativo, documentos fehacientes que acrediten os compromisos firmes de achega da subvención dado que a Resolución de concesión da subvención ¹ establece a obriga de formalización do contrato nun período de 1 ano desde o seu notificación, este período foi prorrogado por Resolución do IDAE con rexistro do día 07/02/2022, por un período a maiores de 6 meses que finalizou o 19 de agosto de 2022 .

Por tanto, trátase dun suposto de revogación da subvención contemplado no artigo 16 de RD 616/2017 que establece que :

“O incumprimento de calquera das condicións impostas na Resolución da concesión da subvención previstas neste Real Decreto ... serán causas suficientes de revogación da axuda...”

Reafirma este informe a consulta realizada á plataforma xurídica Es publico que foi respondida o día 25/08/2022 onde se establece que :

*“Si la financiación presupuestaria del contrato depende, total o parcialmente, de la subvención del IDAE y no estuviera asegurada la efectividad de ésta, **el Ayuntamiento deberá abstenerse de su adjudicación, dada la indisponibilidad del crédito correspondiente a la parte financiada**”*

Engadindo tamén este informe o seguinte comentario .

*“Consecuentemente, de existir dudas razonables, como parece ocurrir en el presente caso, sobre la efectiva concesión de la subvención inicialmente esperada, el crédito correspondiente, en la cuantía financiada por el IDAE, deberá considerarse en situación legal de indisponible, y por tanto, **el Ayuntamiento deberá abstenerse por esta causa de adjudicar el contrato** “*


Segundo: Non entro en analizar outros puntos do contrato que deben ser obxecto de fiscalización dado que o expediente non está completo a día 30/08/2022 e o asunto vaise tratar pola vía de urxencia, non dispoñendo esta intervención de tempo para analizar o resto dos puntos a fiscalizar polo que poden xurdir outros informes a posteriori.

RESULTADO DA FISCALIZACIÓN.

Polo tanto ao abeiro do disposto na lexislación antes indicada e polos motivos explicados neste informe FORMULO REPARO SUSPENSIVO SENDO O ÓRGANO COMPETENTE PARA A SÚA RESOLUCIÓN O PLENO .

Polo tanto procede a realización dunha fiscalización de desconformidade con reparos.

¹ Resolución de data 19/02/2021



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000005

A Intervención se manifesta en desacordo co fondo ou forma dos actos, documentos do expediente examinado, e polo tanto formula este reparo por escrito polo que procede :

Suspende a tramitación do presente expediente ata que sexa solventado por atoparse nos supostos do artigo 216.2 do TRLRFL (disposición de gastos, recoñecemento de obrigas ou ordenación de pagos):

Cando se base na insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa o adecuado

Observacións da intervención:

A notificación da Alcaldía de incluír na orde do día por urxencia a adxudicación do contrato de tanta complexidade administrativa e técnica, supón un impedimento para que esta intervención realice o seu traballo de fiscalización e incumpre o disposto no prazo establecido no artigo 10 do RD 424/2017 imposibilitado un exame exhaustivo do expediente e dificultando o traballo desta intervención .En Cerdido asinado dixitalmente pola secretaria -interventora municipal, na data que figura no panel de sinaturas.

Asunto IDAE. EXP. 2022/C005/000003
De Alcaldía <alcaldia@cerdido.es>
Destinatario Paula diaz <paula.diaz@cerdido.es>
Fecha lun 13:06

O venres presentou a empresa Aceinsa a documentación que lle fora requerida para a proposta de adxudicación do expediente do IDAE, 2022/C005/000003.

Xa lle pedín a consultora Energytas que nos emita o informe de comprobación da documentación que lles corresponde a eles, dixeron que hoxe xa o subían a sede. Así que podese comprobar o resto, obrigas tributarias, s.s, aval...


A idea é meter o asunto pola vía de urxencia no vindeiro pleno do día 31 de agosto.

--
Benigno Galego,
Alcalde do concello de Cerdido.
T.F. 981411000

O alcalde explica que non concederon a prorroga da subvención pero mentres non se resolva a anulación da subvención, pódese incorporar documentación á plataforma, entende que por responsabilidade e por beneficio do concello é preciso traer esta proposta ao pleno, en relación ao reparo realizaremos unha consulta a Deputación, no caso que existira algún erro na tramitación non se procederá a sinatura do contrato, Cerdido ten un gasto increíble en subministro de enerxía e non se pode perder esta subvención, que ven tendo atrancos desde un primeiro intre e así o recoñece o Tribunal administrativo ao afirmar que a empresa que recurria actuaba de mala fé .

Os membros do pleno por maioría dos asistentes e en votación ordinaria aprobaron incorporar un novo punto da orde do día por urxencia para levantar o reparo . Inclusión do novo punto da orde do día aprobada por seis votos a favor dos concelleiros Cándido Eusebio Preto Lago, Marina Tojeiro Martinez, Cristian Carrodegas Graña, David Prada Aneiros e Patricia Santalla Pérez e o voto do Sr. Alcalde e 2 votos en contra dos concelleiros Maria-Amalia Diaz Rodríguez, Alberto Javier Rey Paz.

O concelleiro Alberto Rey Paz, formula unha queixa por levar os asuntos por urxencia e que a documentación foi facilitada un día antes do pleno .



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es


exp. 2022/G010/000005

8.- Levantamento do reparo suspensivo 2/2022 da secretaria intervención de data 31/08/2022.

Os membros do pleno en votación ordinaria e por maioría dos presentes . 6 votos a favor dos concelleiros Cándido Eusebio Preto Lago, Marina Tojeiro Martinez, Cristian Carrodegua Graña, David Prada Aneiros e Patricia Santalla Pérez e o voto do Sr. Alcalde e 2 votos en contra dos concelleiros Maria-Amalia Diaz Rodríguez, Alberto Javier Rey Paz. aprobaron o levantamento do reparo polo que se procede a continuar a tramitación do expediente coa lectura da proposta da Alcaldía que se transcribe deseguido :

9.-Proposta da Alcaldía presidencia adxudicación contrato de mellora e renovación do alumado público exterior de cerdido. Expediente 2022/c005/000003.

Procedemento aberto suxeito a regulación armonizada.tramitación ordinaria. orzamento base de licitación 587.823,34 €. VALOR Estimado do contrato 485.804,41 €. Prazo de execución 8 meses . Visto o procedemento de licitación de mellora e renovación do alumado público exterior de Cerdido • Vista a lexislación aplicable • Os artigos 63, 99 a 102, 116, 117, 122, 124 e 131 a 158 e as Disposicións Adicionais Segunda, Terceira e Décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP). • Os artigos 4 a 6, 18 a 24, 27 e 48 a 64 da Directiva 2014/24/UE, do Parlamento Europeo e do Consello de 26 de febreiro de 2014, sobre Contratación Pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18/CE (en diante Directiva de Contratación). • Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público. • Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. (Artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio). Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Pleno do Concello de Cerdido, de conformidade coa Concello de Cerdido As Felgasas, s/n, A Barqueira Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución: Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000005

Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. PROPOÑO .Primeiro.- Adxudicar o contrato de mellora e renovación do alumeadado público exterior do concello de Cerdido nas condicións que figuran na súa oferta e as que se detallan nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas a empresa ACEINSA MOVILIDAD S.A. con C.I.F. núm. A84408954 por importe de 550.355,19 € (IVE engadido), condicionado a efectiva achega económica do Programa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014- 2020, pois representa o 80% do valor estimado do contrato obxecto. En caso contrario, a presente licitación e adxudicación quedara sen efecto. Segundo.- Son características e vantaxes determinantes de que sexan seleccionadas as ofertas presentadas polos citados adxudicatarios con preferencia ás presentadas polos restantes licitadores cuxas ofertas foron admitidas, as seguintes:

Empresa	Puntuación económica	Puntuación obxectiva	Puntuación subxectiva	Total
ACEINSA MOVILIDAD S.A. A84408954	37,13	30,00	29,00	96,13
UTE SECE-ELEUKON A08001182	37,87	30,00	5,00	72,87
NARONTEC GESTIÓN S.L. B70445531	40,00	30,00	1,50	71,50
SETGA S.L.U. B36699064	36,07	30,00	4,50	70,57


Terceiro.- Dispor o gasto correspondente de acordo co informe de fiscalización que se emita pola Secretaría-Intervención.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo plenario a Secretaría-Intervención aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

Quinto.- Publicar anuncio de adxudicación no perfil de contratante en prazo de 15 días

Sexto.- Notificar ACEINSA MOVILIDAD S.A. con C.I.F. núm. A84408954, adxudicatario do contrato de mellora e renovación do alumeadado público exterior do Concello de Cerdido o presente acordo. Sétimo.- Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios.

Oitavo.- Publicar anuncio de formalización do contrato no Perfil de contratante en prazo non superior a quince días tras a perfección do contrato e co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Noveno.- Publicar anuncio de formalización do contrato no «Diario Oficial da Unión Europea» como moi tarde 10 días despois da



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000005

formalización do contrato. Décimo.- Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido. Décimo primeiro.- Remitir ao Consello de Contas unha copia certificada do documento no que se formalice o contrato, acompañada dun extracto do expediente en que se derive. Todo iso, dentro do tres meses seguintes á formalización do contrato.

Sometida a votación a proposta da alcaldía, o Pleno do Concello en votación ordinaria por maioría dos asistentes. Seis votos dos concelleiros Cándido Eusebio Preto Lago, Marina Tojeiro Martinez, Cristian Carrodegas Graña, David Prada Aneiros e Patricia Santalla Pérez e o voto do Se. Alcalde e dous votos en contra de Maria-Amalia Diaz Rodríguez e Alberto Javier Rey Paz acorda prestar conformidade á mesma, despois de proceder a levantar o reparo de intervención núm. 02/2022 polo que queda aprobada .

O concelleiro Alberto Rey Paz pregunta que pasaría si se asina o contrato e no caso que non se poda subir á plataforma que consecuencias económicas tendria para o concello .


A secretaria -interventora fai uso do disposto no artigo 94,3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,e solicita a palabra a Alcaldía, que unha vez dada intervén para anunciar que a aprobación deste acordo pode supoñer un quebranto para a facenda local .

O alcalde explica que neste caso habería unha penalización do 6% do contrato, engadindo que si a plataforma esta pechada non se asina o contrato e unicamente debe indemnizarse cos costes que supoñen a elaboración da documentación que pode rondar uns 2000 euros e engade que polo beneficio do concello hai que arriesgarse se houbera outra opción non traería o asunto por urxencia, polo que pido desculpas e entende a secretaria porque o expediente é moi complicado, consultouse esta opción co IDAE e existen outros casos similares doutros concellos que están no mesmo caso e non perderon a subvención, por agora non se iniciou o expediente de revogación da subvención por parte do IDAE e remarca que por responsabilidade trae este asunto ao pleno .

O concelleiro Candido Prieto Lago explica que é o contrato mais importante de Cerdido e anuncia que se vai a pelexar ata o ultimo momento e que hai que poñer na balanza,perder 2000 euros ou perder o contrato que vai a supor un aforro enorme para o concello

O concelleiro Alberto Rey Paz pregunta si se incumpriu todo

O alcalde explica que se cumpriu todo, e ahi están as actas da mesa de contratación o que non houbo tempo para mirar o expediente, agora hai que esperar 15 días para formalizar o contrato e



Concello de Cerdido (A Coruña)


As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000005

neste tempo solicitarase un informe completo a Deputación Provincial, comprendo o pouco tempo pero engade que ahí están as actas e os informes técnicos do expediente que se poden ver e explican que non hai problema ningún .

O alcalde presente outra moción por urxencia para incorporala a orde do dia, motivando a urxencia polo inicio inminente do curso escolar . O pleno en votación ordinaria e por maioría aprobou a inclusión destes asunto na orde do dia, seis votos a favor dos concelleiros Cándido Eusebio Preto Lago, Marina Tojeiro Martinez, Cristian Carrodegua Graña, David Prada Aneiros e Patricia Santalla Pérez e o voto do Sr. Alcalde e 2 votos en contra dos concelleiros Maria-Amalia Diaz Rodríguez, Alberto Javier Rey Paz.

10.-MOCIÓN EN DEFENSA DO ENSINO SECUNDARIO EN CEDEIRA .Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte:Exposición de motivos. Esta moción tramitada con urxencia, debido ao inminente comezo do curso escolar, trata exclusivamente, polas graves consecuencias que pode supoñer en caso de non ser atendido, de UN dos problemas que preocupan a toda a comunidade escolar do IES Punta Candieira: A Consellería de Educación planificou o vindeiro curso do IES Punta Candieira con 11 postos docentes menos. Todo o equipo directivo do IES Punta Candieira presentou a súa dimisión recentemente como resposta á drástica redución de plantilla de profesorado. Debemos subliñar que a supresión de profesorado pon en perigo un ciclo formativo e o bacharelato de adultos; diminuírá o horario de profesores de garda, fundamental para atender ao alumnado en caso de ausencias ocasionais do profesorado; vai reducir os períodos de atención da aula de convivencia inclusiva, co cal non se poderán atender os problemas de convivencia nas aulas; impedirá ofertar optativas que en moitos casos son decisivas para que os alumnos e alumnas poidan acceder ás universidades e contribuirá a aumentar a diferenza de oportunidades educativas entre os e as estudantes do rural e as persoas que viven nas cidades. O IES Punta Candieira vén dando mostras do seu dinamismo e da calidade do seu ensino nos últimos anos, participando en diversos proxectos e concursos e acadando premios e excelentes resultados. É evidente que unha perda tan grande de persoal docente vai supoñer un problema enorme na calidade do ensino. Por todo o exposto, esta alcaldía propón neste Pleno que se adopte o seguinte acordo: O Pleno do Concello de Cerdido insta á Xunta de Galicia a: Incrementar o número de docentes de acordo as necesidades do centro que permita dar unha atención axeitada ao alumnado de ciclos formativos, bacharelato de adultos, manter oferta de optativas e cubrir as ausencias de docentes, mantendo suficiente profesorado de apoio para a aula de convivencia, a biblioteca escolar e para as gardas. Os membros do pleno asistente e por unanimidade aprobou a moción anterior .



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000005

O alcalde explica que o IES Punta Candieira, é o instituto de referencia para Cerdido, a dirección presentou a dimisión pola redución do profesorado e con esta moción solicítase que se manteña o mesmo número de docentes

O concelleiro Alberto Rey Paz anuncia que esta en contra da urxencia, dado que o texto da moción se non enviou esta mesma mañá, cando se anunciou hai quince días nas redes sociais, entende que non hai respecto e que non se facilita a documentación .

O Alcalde explica que estiveron en contacto coa Dirección do centro e co Concello de Cedeira para poder consensuar unha moción entre todos os partidos e todo isto levou o seu tempo, o texto foi enviado esta mañá por parte do Concello de Cedeira e entende que este non é o sistema habitual que se debe realizar e pensa que esta é a primeira vez que trae a orde do día asuntos por urxencia. E anuncia que a obriga do concello é repartir a orde do día xunto a convocatoria e a documentación pode ser consultada polos concelleiros e que se envía sen ter obrigaón a isto

O concelleiro Candido Prieto Lago explica que con esta moción non se ataca a ningún partido nin a Xunta, planteaxe a redución do profesorado como o unha merma da calidade do ensino público no instituto que está moi valorado, o bacharelato de adultos vai peligrar é e un recurso moi usado por moita xente que estuda de maior, e entende que non se pode consentir unha merma educativa


O concelleiro Alberto Rey Paz, pregunta polo número de alumnos en quenda nocturna e o número de profesores, porque hai cursos con 2 alumnos por profesor e engade que non é fácil manter este número de profesores por alumno

O concelleiro Candido Prieto Lago explica que este caso pode compararse con servizos de urxencia médica que como hai poucos casos tamén deben suprimirse, entende que a educación é un servizo público que hai que prestar a cidadanía e non se pode medir con criterios económicos como se fai na empresa privada .

11.-Rogos e preguntas .

O concelleiro Alberto Rey Paz, preguntas solicita información sobre a tramitación da modificación do uso do solo anunciada en 2019 polo que hai que esperar tres anos para saber algo e tras a reunión con Estudio Técnico Galego e si este informe vai a parar a sancións os veciños, que van a pasar con elas .

O alcalde contesta que na reunión con Estudio Técnico Gallego informáronos de que ata fai pouco os informe da Conselleira eran desfavorables, tratouse este tema co Director Xeral de Urbanismo e con distintas consellerías para posibilitar a modificación da clasificación do solo, non do uso . Ata fai pouco existía un debate entre consellerías e as modificacións propostas non saían adiante . A



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000005

isto únese dous anos de pandemia, un ano con secretario -interventor acumulado, outros concellos como Mañón ou As Somozas teñen problemáticas similares e no caso de Mañón teñen informes solicitados con diversidade de criterios, así mesmo é preciso saber si o expediente vai a tramitar por procedemento ordinario o por procedemento simplificado e dependemos de Medio Ambiente para sabelo .A empresa Estudio Técnico Gallego, é a empresa que redactou o PXOM, é tamén é moi coñecedora do territorio polo que se considera como mellor empresa para realizar este traballo . En relación ao concello de As Somozas, falei con eles para poder realizar esta modificación,e explica que se tiveron reunións coa Dirección Xeral de Urbanismo e que se está a espera de aprobar o catalogo de montes en relación ao Concello de Mañón as modificación plantearon para solo rústico ordinario e anuncia que é a primeira persoa interesada en sacar este asunto adiante, pero hai moitas modificacións que non saen adiante .En canto as sancións dos veciños, explica que o problema xurden entre aqueles que non cortaron e que é un problema coa Lei de prevención de incendios e anuncia que ata 2018 non había sancións.

A concelleira Amalia Diaz Rodriguez pregunta á Alcaldía porque non se lle dixo nada os veciños que non se iniciar o cambio, dado que se pensaba que xa estaba iniciado

O alcalde responde que se está a espera de aprobación do catálogo de montes e que non é un problema so de Cerdido

2.- Solicita información sobre a empresa que esta traballando na estrada que cortou moitos accesos a fincas particulares .


O alcalde responde que se falou co Director da obra sobre este tema, e dixeron que primeiro facían a obra e despois estudarían este tema, e que nunha primeira reunión cos veciños, chegouse a un acordo de facer unha vía de servizo no lado de arriba en relación os problemas xurdidos na zona de Sarrió.

A concelleira Amalia Diaz Rodriguez intervén para afirmar que hai moitos implicados e que o concello debería ver que non deixaban serventía para acceso aos montes .

O alcalde explica que se deu conta a Direccion de obras e houbo un primeiro encontro para as posibles solucións pero nalgún caso vai ser complicado polo recheo que fixeron, a empresa comprometeuse ne contactar coa dirección de obra e cos veciños afectados

A concelleira Amalia Diaz Rodriguez solicita información de porque non se recibe aos veciños e o concelleiro Alberto Rey Paz afirma si é necesario solicitar por escrito as reunións co alcalde e si é para todos igual .

O alcalde que para algúns temas é preciso mirar documentación e estudar o tema ben, no caso que sexa un tema complicado, neste caso propuxo que enviaran os temas para poder miralos antes, en



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000005

caso doutros veciños con peticións como farola estropeada non é preciso pedilo por escrito.

A concelleira Amalia Diaz Rodriguez traslada a Alcaldía as protestas de varios veciños sobre o estado de abandono da pista de Freis -Regueirolongo ao redor de 300 metros, que serve de cortalume e ademais os dous extremos da pista están habitados, a pista non é del todo forestal e actualmente as silvas cruzan dun lado a outro, xa en marzo falouse deste tema e non se fixo nada, dixeron que estaba metida no Pos e aínda non se fixo nada e entende que é unha vía transitada polos veciños .

O alcalde explica que para realizar a limpeza faise cun orde e criterios, dándolle preferencia as pistas asfaltadas, logo as pistas de zahorra, en relación a esta pista limpiáronse outros tramos, quedando estes 300 sen realizar, a obra esta no pos que esta en proceso de contratación .

A concelleira Amalia Diaz Rodriguez traslada a Alcaldía a existencia de queixas dos veciños sobre o aparcamento de camions no adro da Igrexia de Cerdido, que cando hai enterros dificultan o paso .e que isto é algo impredecible .

O alcalde anuncia que intentará falar co cura dado que o adro é da Igrexa.

A concelleira Amalia Diaz Rodriguez solicita información sobre unha antena que está colocada e que se ve desde a pista que vai a Astilladora, e que nos dixeron que era para medir o vento .

O alcalde anuncia que pediron permiso para un anemómetro e que o técnico dixo que cumpría con toda a documentación, pero o fin da antena non se lle pode pedir ao solicitante e engade que reafirma a súa postura de que non quere eólicos no concello e pensa que en Moeche en Valdixe tamén hai outra .

As 21.35 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Concello de Cerdido. Asinado dixitalmente

A secretaria, Paula Díaz Tie

O alcalde, Benigno Galego Castro